

ANUNCIO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VENTILACIÓN PARA A REDUCCIÓN DO RISCO DE SILICOSE EN FÁBRICA DE LOUSA

Expediente de contratación: Implantación do sistema de ventilación.

Tipo de procedemento: Procedemento negociado con publicidade.

Tipo de contrato: Mixto (prestación máis importante dende o punto de vista económico a relativa á execución das obras).

Indícase deseguido a información relativa á adxudicación e formalización do contrato enriba referenciado:

1.- Licitadores:

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de participación de ofertas (o 4 de novembro de 2013, ás 14:00 horas, tal e como se sinalaba no anuncio de licitación), recibíuse unicamente no Rexistro da A.C.P.G. a seguinte solicitude de participación:

- Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L., titular do CIF B-36.579.480.

2.- Criterios de adxudicación e a súa valoración:

Os aspectos de negociación e criterios de adxudicación que se establecían nos pregos de licitación, foron os seguintes:

- Criterios cualitativos:
 - Alcance e características técnicas da oferta (Valoración ata un máximo de 30 puntos).
 - Medios persoais a adscribir (Valoración ata un máximo de 10 puntos).
- Criterios cuantitativos:
 - Mellor oferta económica (Valoración ata un máximo de 40 puntos).
 - Mellora no prazo de execución (Valoración ata un máximo de 20 puntos).

Posto que unicamente se recibiu a proposta dun licitador, e sendo a mesma conforme cos requisitos e condicións establecidos nos pregos de licitación, non resultou preciso facer a ponderación dos criterios de adxudicación sinalados.



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

3.- Resumo da motivación da valoración obtida:

A oferta presentada polo licitador, ademais de cumprir todos os requisitos e condicións establecidos nos pregos de licitación, resulta adecuada para satisfacer as necesidades de contratación da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia.

4.- Adxudicación:

a) Data:

- Adxudicación: Resolución do órgano de contratación de 18 de novembro de 2013
- Formalización: Sinatura do contrato con data 19 de novembro de 2013.

b) Importe de adxudicación:

- Base Impoñible: trescentos seis mil cento setenta e oito euros (306.178 €)
- I.V.E.: sesenta e catro mil douscentos noventa e sete euros con trinta e oito céntimos (64.297,38 €).
- Total: trescentos setenta mil catrocentos setenta e cinco euros con trinta e oito céntimos (370.475,38 €).

c) Adxudicatario:

- Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L.

En Sobradelo de Valdeorras, 20 de novembro de 2013

O Presidente da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia
Asdo. D. Víctor M. Cobo Arias

